

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

INVESTIGACIÓNS DO SERVIZO DE CARDIOLOXÍA DA ÁREA SANITARIA DE SANTIAGO E BARBANZA ACONSELLAN MANTER O TRATAMENTO PARA A TENSIÓN NOS DOENTES CON COVID-19

- ***Segundo o proxecto de investigación CARDIOVID, cun enfoque multidisciplinar, no que tamén están implicados os servizos de Medicina Interna, Pneumoloxía, Anestesioloxía e Reanimación, Coidados Intensivos e Análises Clínicas***
- ***Desenvolveron unha ferramenta diagnóstica para poder predicir a gravidade na evolución dos doentes Covid-19***

Santiago, 7 de maio de 2020- Investigacións do Servizo de Cardiología da Área Sanitaria de Santiago de Compostela e Barbanza aconsellan a continuidade dos tratamentos para a hipertensión arterial, especialmente os bloqueantes do sistema renina-anxiotensina. “Ademais mesmo están a manifestar certo efecto protector ante o agravamento da enfermidade” subliña o xefe do servizo, Ramón González-Juanatey, segundo os primeiros resultados do proxecto Cardiovid, “sumámonos pois a recomendación das principais Sociedades Científicas de continuar con este tipo de tratamentos en pacientes con e sen Covid-19”.

No marco deste estudo, un rexistro con máis de dous mil doentes con Covid-19 liderado pola sanidade pública compostelá, desenvolveron un *score clínico* ou ferramenta diagnóstica para poder discernir a gravidade na evolución do doente con Covid-19. Así, “este score clínico sinxelo para o momento do diagnóstico do paciente axudará a clasificar aos pacientes con boa evolución que poden seguir tratamento e illamento no seu domicilio, e pacientes cun peor perfil nos que teríamos que levar a cabo un seguimento máis estreito e incluso hospitalizalos para previr complicacións”, subliña o Diego López, deseñador do estudo xunto a Javier López Pais, ambos do Servizo de Cardiología da área compostelá.

E abunda “identificamos marcadores en sangue, como os niveis de troponinas (marcadores de mortes de células do corazón) que, se os asociamos á avaliación da enfermidade, identifican a pacientes que poden ter máis complicacións e poderían servirnos para identificar de forma precoz aos pacientes con máis risco para poder tratalos de forma máis intensiva”.

Afectación cardíaca e COVID-19

A enfermidade causada polo novo coronavirus SARS-CoV-2 tivo unha rápida expansión dende a cidade chinesa de Wuhan ao resto del mundo, orixinando unha pandemia que en España se complicou a partir do mes de febreiro. Dos primeiros datos epidemiolóxicos sobre a enfermidade derivados de series de poboación chinesa, determinouse que aínda que a enfermidade pode afectar a calquer persoa, os casos con peor pronóstico concéntranse en pacientes varóns, con hipertensión arterial e enfermidades crónicas previas, principalmente enfermidades cardiovasculares. Tamén se plantexou a dúbida sobre a interacción entre a infección do virus e un tipo determinado de medicación usada en pacientes con cardiopatías, como os inhibidores do sistema de renina-anxiotensina-aldosterona.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Aínda que se trata dun virus cuxa principal afectación e porta de entrada ao organismo é o sistema respiratorio, pode afectar tamén a outros órganos como o corazón, e producir eventos adversos como infarto agudo de miocardio, miocardite ou insuficiencia cardíaca.

Ante a falla de coñecemento de como afecta este novo coronavirus ao sistema cardiovascular, xorde a necesidade de xerar información para poder ofrecer medidas de prevención aos pacientes con cardiopatías e unha mellor atención dos eventos cardiovasculares agudos que este produza. É neste contexto, no que aparece o proxecto denominado CARDIOVID dende o Servizo de CardioloXía do CHUS, que dirixe o doutor González-Juanatey. Trátase dun proxecto cun enfoque multidisciplinar, no que están implicados, a parte do Servizo de CardioloXía, os Servizos de Medicina Interna, PneumoloXía, AnestesioloXía e Reanimación, Coidados Intensivos e Análises Clínicas, que son os que maioritariamente atenden ao paciente durante a súa fase de hospitalización. A esta iniciativa sumáronse os Servizos de CardioloXía do Hospital Clínico Universitario de Valladolid, onde a epidemia tivo unha maior incidencia que na área de Santiago, dirixido por Alberto Sanroman, e o Servizo de CardioloXía del Hospital de Montecelo en Pontevedra, Eva Gonzalez Babarro.

Os obxectivos principais deste estudo son aportar coñecemento nas tres fases da enfermidade:

A primeira delas na prevención, identificando aqueles pacientes máis sensibles á COVID-19, e estudando a posible interacción dos medicamentos e o virus, co fin de implementar medidas encamiñadas á protección especial en pacientes máis susceptibles ante a infección.

“Durante a fase activa da enfermidade, queríamos coñecer e identificar precozmente os eventos cardiovasculares, deseñando escalas de risco que poidamos aplicar tanto a pacientes que requiran ingreso hospitalario como aos que teñan unha enfermidade máis leve e poidan estar na súa casa. Deste xeito poderemos dar unha resposta máis precoz e máis específica na atención cardiovascular”, asegura o doutor Jose Ramón González Juanatey, xefe do Servizo de CardioloXía da Área Sanitaria de Santiago e Barbanza.

Finalmente realizarase un seguimento a longo prazo de todos os pacientes infectados por SARS-CoV-2, para ver si os eventos adversos se estenden máis alá da curación.

Este proxecto inscríbese dentro de todos os esforzos que se fan dende hospitais grupos de investigación compostelá e o conxunto da comunidade científica internacional para frear a pandemia e para a que a investigación é a gran parte da solución.

Saúdos,